

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 6 DE FEBREIRO DE 2015

1.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de adecuación de espazos no interior do edificio do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas, na Avda. de Vigo, nº 3. (LIC/1686/2014).

2.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de rehabilitación dun edificio de 2 vivendas, composta de pranta baixa, primeira, segunda e baixo cuberta e edificación auxiliar na rúa de San Pedro, nº 120. (LIC/1506/2013).

3.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza para executar as obras de reforma dun local para uso de oficinas sito na rúa Ramón Rodríguez Carracido (de), Baixo. (LIC/752/2011 e LAP/113/2011).

Acordouse a concesión de tres licenzas para obras:

Unha primeira para o Consello Superior de Investigacións Científicas, destinada á adecuación de espazos no interior do edificio do Instituto de Investigacións Agrobiolóxicas, na Avenida de Vigo (nº 3), proxecto que conta cun orzamento de execución de 191.313 euros

Unha segunda licenza concedida é para a rehabilitación dun edificio de 2 vivendas e edificación auxiliar na rúa de San Pedro (nº 120), cun orzamento de execución de 220.000 euros. Na licenza sinálase a obriga de conservar determinados elementos catalogados da edificación.

A terceira concedéuselle a unha empresa de gas para reforma dun local para uso de oficinas na rúa Ramón Rodríguez Carracido, cun orzamento de 3.060 euros.

4.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á solicitude de licenza de parcelación dunha parcela sita en Travesa da Susana, nº 2-Marrozos. (LIC/1443/2014).

Autorizouse a parcelación dunha finca na parroquia de Marrozos (Travesa da Susana, nº 2) dunha superficie de 1,445 m². Resultando dúas parcelas, de 1.045 m² e 400 m².

5.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á aprobación do proxecto de reurbanización de "Mellora dos accesos á Almáciga, ámbito Pastoriza".

Este proxecto, que se inclúe no Programa Urbana Santiago Norte, supón unha continuación da planificación desenvolvida para a mellora da accesibilidade nas zonas altas da Almáciga, entre a Rúa Pastoriza e San Roque, onde se están a abordar tamén as obras do tramo Basquiños-A Pastoriza, actualmente en execución, e o tramo Santa Clara-Basquiños, en fase de licitación.

O proxecto aprobado, que conta cun orzamento de licitación de 241.822 euros e un prazo de execución de 4 meses, foille presentado aos veciños con anterioridade, e pretende a mellora de mobilidade e accesibilidade na rúa Pastoriza, nunha superficie de 1.250 m², comprendida entre o cruce coa Travesía da Pastoriza e o inicio da pavimentación con lousas de granito uns 65 metros antes de chegar á Praza da Paz, en San Caetano.

A intención é continuar coa recuperación do uso peonil desta zona, coas obras que se están a levar a cabo actualmente no tramo Pastoriza-Basquiños e que continuarán ata Santa Clara, coa diminución do ancho da calzada, a ampliación do espazo para os peóns e a consecuente redución da velocidade dos vehículos.

6.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa ao expediente "Repavimentación da Avda. de Vilagarcía entre Rosalía de Castro e Romero Donallo (obras incluídas no Plan DTC 93: UNHA DEPUTACIÓN PARA TODOS OS CONCELLOS). (CON/66/2014).

Acordouse a apertura dun novo prazo de presentación de ofertas para a obra de "repavimentación da Avda. de Vilagarcía entre Rosalía de Castro e Romero Donallo", incluída no Plan DTC da Deputación da Coruña.

7.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á suspensión temporal parcial das obras de reurbanización da rúa Caramoniña, ámbito rúa Caramoniña e espazo libre do equipamento ASD-26 (CON/68/2013).

8.- Proposta da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Urbano e Sostible relativa á suspensión temporal parcial das obras "Vía Verde entre os parques de Bonaval e Almaciga" (CON/8/2014).

A Xunta de Goberno acordou a aprobación da suspensión temporal parcial destas dúas obras, tendo en conta a aparición de imprevistos que obrigan a novas actuacións e a mellora do proxecto, o que pode supoñer solapamento en zonas moi concretas. Por este motivo, a suspensión non se dirixe ao conxunto das obras, senón que é unha suspensión parcial, que afecta unicamente a aquelas zonas onde é necesario actuar de forma complementaria.

No caso da rúa Caramoniña, onde se desenvolve por parte da empresa Copcisa, S.A. un proxecto por un importe de 258.419 euros e un prazo de execución de 5 meses, a suspensión parcial débese á necesidade de actuar sobre os muros dunha edificación nos que, mentres se realizaban labores de roza, se observou que presentaban risco de derrube e de inseguridade. Para remediar iso acordouse a execución de novos traballos de consolidación, coa contratación dun proxecto de mellora de seguridade. A paralización trata de evitar que os novos traballos poidan afectar a obras xa rematadas e non ter que repoñelas posteriormente.

No caso da Vía Verde entre os parques de Bonaval e A Almaciga, obra que está a executar na súa segunda fase a empresa Oviga, S.L. cun orzamento de 143.120 euros e un prazo de execución de 6 meses, a paralización afecta unicamente a dúas pequenas zonas nas que se vai actuar para completar a actuación, acometendo os accesos transversais á Vía Verde desde as rúas Betanzos e O Pino polos laterais do colexio público que alí se atopa.

O proxecto para estes accesos xa está redactado e as obras contratadas (contrato menor) polo que en cuestión de días se afrontarán os novos traballos.

Ao igual que no caso da obra de Caramoniña, preténdese evitar que as novas obras se solapen coas da Vía Verde e sexa preciso despois repetir traballos xa realizados.

9.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa á anulación da concesión dunha axuda en concepto de MAPIS por gastos excepcionais.

10.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa a solicitude de devolución de cantidades cobradas indebidamente en concepto de prestación MAPIS.

Anúlense dous acordos en relación coa concesión de dúas axudas MAPIS (Medidas de Apoio para a Prevención e Inserción Social).

11.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais relativa a ampliación de delegación de competencias.

Acordouse a ampliación das competencias delegadas á concelleira de Asuntos Sociais, en materia de sanción relativas á ordenanza de convivencia, residuos e limpeza viaria, incluíndo a facultade de resolver os recursos de reposición contra os actos ditados polo órgano delegado.

12.- Proposta da concelleira delegada da área de Servizos Sociais para dar conta da resolución da Xunta de Galicia da asignación de transferencias finalistas correntes para o financiamento dos servizos sociais comunitarios do Concello.

Deuse conta da asignación procedente da Xunta de Galicia para o mantemento dos servizos sociais comunitarios no ano 2014 que se concreta en 219.872 euros, cantidade coa que fundamentalmente se financian os contratos de 12 persoas que desenvolven tarefas de asistencia social no correspondente departamento municipal.

13 a 60.- Proposta do concelleiro delegado de facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre bens inmobles, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.

A Xunta de Goberno, conforme ao disposto nas ordenanzas reguladoras, resolveu tamén 48 expedientes presentados para a obtención de beneficios fiscais e exencións, 44 referidos a vehículos de tracción mecánica, 3 de bens inmobles e 1 para a exención de taxas de saneamento, depuración e recollida de lixo.

61.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á solicitude de subvención á Consellería de Traballo e Benestar, ao abeiro do orde do 30 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras e se procede á convocatoria pública de subvencións para a programación de accións formativas dirixidas

prioritariamente ás persoas traballadoras desempregadas, correspondente ao exercizo 2015.

Acordouse solicitar unha subvención á Consellería de Traballo e Benestar para a programación de accións formativas dirixidas a persoas traballadoras desempregadas. A petición pretende o financiamento ao 100% de 7 cursos formativos no Centro de San Xoán de Aríns e outros 5 no centro de Cersia en San Lázaro.

62.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á solicitude de transmisión de casetas da praza de abastos, núms. NC268, NC269, NC270 e NC271. (CON/198/2014).

63.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á solicitude de transmisión de casetas da praza de abastos, núm. NC149. (CON/69/2015).

64.- Proposta da concelleira delegada da área de Economía relativa á solicitude de transmisión de casetas da praza de abastos, núms. NC147 e NC148. (CON/76/2015).

Autorizouse a transmisión de 7 casetas da praza de abastos: 4 destinadas a venda de peixe, mariscos e derivados, por xubilación do concesionario en beneficio da súa esposa; e outras 3, dedicadas a venda de aves, ovos e caza, tamén por xubilación do concesionario que llas transmite á súa esposa e fillo.